

Lamatumbá (www.lamatumba.com)

É un dos principais expoñentes da música galega que leva polo mundo a diante a verbena do século XXI coa enseña de *Festa* por única bandeira. Volve aos escenarios coa proposta discográfica *Paraugas Universal* (PAI-Música 2008), un refuxio baixo do que bailar, gozar os nosos amores, cantar, sorrir. Logo de máis de dous anos de xira ininterrumpida desde o lanzamento da súa anterior gravación, *Lume* (para que saia o sol) e da man nesta ocasión de Segundo Grandío, novo produtor e amigo da banda, a formación ourensá escolleu os estudos de Casa de Tolos para se retirar a darlle forma ao seu novo traballo discográfico.

Compoñentes da banda:

- Voz e asubios: SERGIO "Trosma"
- Saxo: IVÁN "Paquito de" Varela
- Trompeta: BENJA
- Saxo, clarinete: ANXO "Gafots"
- Percusión: PUNTXA
- Bateria: TXITXAS
- Baixo: PEDRO "Perdidito"
- Guitarra: RAFA "Abuelo"
- Guitarra: TONHITO "Moucho"
- Monitores: PALI

Liridade Noctámbula (www.myspace.com/liridadenoctambula)

Liridade Noctámbula nace en Santiago de Compostela (2006) da mano de Ramón Rey. A súa música conta con saxo, voces, clarinetes, percusión, violín, guitarra flamenca, e materializouse nun primeiro proxecto de estudo baixo o nome de *Fin do primeiro acto*. É música de autor acompañada por amigos de diferentes cidades do mundo; Río de Xaneiro, Cádiz, Valencia, Madrid, Barcelona...

Formación:

- ? David López: batería e caixón flamenco
- ? Fabio: baixo eléctrico
- ? Luis Cacheda: clarinete
- ? Sebastian: guitarra, charango e quena
- ? Fernando: saxo e zampoña
- ? Ramón: voz e guitarra